

# Pallares

Brevíssimo C.M. São Francisco - Gravatá - Lagoa

Nova época • Ano II • N° 2



Maio 2002

# Pallares

Revista do C.P.I. Tino Grandío • Guntín - Lugo

Nova época • Ano II - N.º 2

## LIMIAR

"Unha cousa... así... desenfadada", e ¡ala!, escribe algo.

Un ano máis, logo de moito traballo de dedicación, sae adiante un novo número da revista **Pallares** coa intención de chegar onde máis lonxe se poida.

Preténdese, as persoas que traballamos no Centro, cando menos, dar a coñecer o noso contorno e as nosas pequenas e grandes couzas... ¡que as hai!

Desde calquera lugar e con escasos medios pódese facer un bo labor; este podería ser un deles.

Un consello: parádevos e non miredes só as fotos e debuxos que sen ter estes desperdicio, o contido merece ser lido con detemento.

Con esta intención vai a presente introducción, sen seriedade e si con ganas de que vos estimule á súa lectura.

## CONSELLO DE REDACCIÓN

Bordonaba Ramos, Jaime  
García Crecente, M<sup>a</sup> Teresa  
Vázquez García, Carlos

### COLABORADORES

Arias Castro, Ana  
Bande Rivas, Jesús  
Díaz Armesto, María Jesús  
Diéguez Fernández, Josefina  
Estévez López, Teresa  
Fernández López, Rosario  
García Álvarez, Dorotea  
Méndez Seco, David  
Núñez Álvarez, Xosé Antón  
Puente Pedreira, Ana María  
Ricart Vázquez, Ángeles  
Rodríguez López, Olga  
Rodríguez Vidal, Fina  
Ulloa González, Manuel  
Veiga Vila, Amparo  
Vilabrille Fernández Eva  
Vilela Cobreiro, Olvido

### FOTOGRAFÍA

Bordonaba Ramos, Jaime

### COORDINACIÓN

Carlos Vázquez García

## ÍNDICE

- 2 A casa grande do Vilar
- 4 As torres de Quintela e Tosende
- 7 A igrexa de Mosteiro
- 10 A antiga igrexa de Guntín
- 11 Os templarios en Guntín
- 12 Os cruceiros
- 15 Rochas de Guntín
- 16 A banda de Guntín
- 17 Festas populares de Guntín
- 19 O entroido
- 21 Entrevista: o cesteiro
- 22 Cantigas populares
- 23 Refráns
- 24 Contos e feitos reais
- 26 Curiosidades
- 29 Mitos e lendas
- 31 Actualidade internacional
- 33 Adiviñas
- 35 Pasatempos
- 36 Concurso "Entre Nós"
- 37 Creación
- 39 Letras galegas
- 41 Os libros
- 44 Departamento de orientación
- 47 Matemáticas
- 49 Tecnoloxía
- 51 Divulgación científica
- 52 Remedios caseiros

ISSN: 1579-2773  
D.L. LU-18-2002

Imprime:  
Artes Gráficas Lucenses, S.L.

## A CASA GRANDE DO VILAR

Celsa Amor Ozores\*

Na parroquia de Ourol atópase un dos numerosos monumentos históricos con que conta o concello de Guntín, a Casa Grande do Vilar. Pertence á heranza de dona Paz Pardo Teijeiro.



Fachada principal

Este pazo coméntase que foi construído por presos arredor do ano 1670. Tamén se di que foi centro de axustizamento. Está constituído basicamente pola casa dos señores, a dos criados, as cortes, a bodega e o soto. Configuran, ademais, o seu contorno o clásico hórreo, a palleira, o pombal e a capela familiar.

O edificio levántase sobre planta cuadrangular, con cuberta a catro augas. A fachada principal está formada por pedras de cantería de forma rectangular e rematan nun beirado de tres molduras. Ten unha ampla portada con lintel, pola que se accede ó interior, e seis fiestras. Debaixo destas, hai uns ocos polos que se introdu-


cían as armas para defenderse dos inimigos.

A fachada posterior ou norte, de notables dimensións, compónse de pedras de granito e de cachotes. Posúe tres portas, que conducen, respectivamente, ó soto, á casa dos criados e a outro soto. A primeira planta ten varias fiestras e ventanás, e a ela accédese por unhas escaleiras de granito con pasamáns do mesmo material. Debaixo delas, atópase un galiñeiro. Sobre o lousado sobresae unha cheminea cadrada con remates almofadados, moi típicos das construccions barrocas galegas.



Fachada posterior

Un dos espacios más importantes do interior da casa é a sala de Santo Antón, que se viu afectada por un incendio e por unha inundación, polo que algúns mobles antigos se perderon. Nela conservanxe pezas históricas de moito valor, entre elas unha forca, na que eran colgados aqueles presos que non rendían no traballo. Amais deste sistema de castigo, tamén se arroxaban a un pozo cheo de coitelos ou se queimaban nunha fogueira. Nun dos laterais dessa sala está a cheminea, lugar onde os señores tomaban o café. Na súa parte superior pódense apre-




Cheminea

ciar unha cabeza de xabaril disecada e unha arma de fogo. Noutra parte atopamos unha lámpada e un escudo feito de folla de lata, e nun recuncho da mesma unha mesa cunha imaxe de Santo Antón e outros obxectos que pertenecen á capela

As habitáculos teñen características moi peculiares. Basicamente todas elas están formadas por unha cama en forma de barca e unha mesiña de noite. Na parte frontal de cada cama hai unha lámpada e unha cruz.

A casa dos criados, unida á dos señores, aínda conserva restos antigos, entre eles unha cociña de lareira.



Capela

A capela familiar construíuse posteriormente. Ten unha lonxitude de 6,92 m. de longo e 4,50 m. de ancho. Normalmente permanece pechada, agás o día do patrón, o Santo Antón, ou cando se celebra algúna misa dedicada a algún defunto do pobo. No interior consérvase un altar que antigamente tiña tres figuras: un Santo Antón (o que agora se atopa no Pazo), un San Xosé e unha Virxe. Xesucristo estaba nunha pequena cruz, e a carón del dous retratos, os de María e Xosé. Tamén destaca unha pía con construción única.

\*Mestra natural de Ouro

## AS TORRES DE QUINTELA E TOSENDE


Aló polo século X o conde don ERO e a súa dona Dona LAURA repartiron as súas posesións do Condado de Pallares entre os seus descendentes. Algunxs deles, os Camba e os Taboada, chegaron ás fértils terras do leste, regadas polo río Miño.

A principios do século XVII, había unha cadea de fortes que o señorío estableceu para a vixilancia de labrados e de gandos, e tamén cara a súa defensa. Sabemos da existencia dos seguintes: castelo de "A Mota", as torres de Francos, Lousada, Quintela, Santa Euxea e San Fiz do Ermo. Case todos foron destruídos polos "irmandiños" e só algúns se reconstruíron posteriormente.

Nesta viaxe polo pasado, ímonos deter nas torres de Tosende e de Quintela.

### A TORRE DE QUINTELA

Estivo emprazada no lugar de Quintela, entre Peimoure e A Mota. Consérvase dela o escudo de armas dos Camba e dos Taboada, señorío ó que pertencen. Este escudo atópase agora na casa da Torre, no antepeito dunha fiestra. Contén este escudo as barras e os caldeiros dos Taboada, as cambas (rodeiros) dos Camba e unha árbore cun can encadeado ó tronco dos Quiroga de Pobra.



O "señor" da Torre de Quintela, D. Lope de Camba e Taboada fundou no ano 1613 a capela de Santa María de Ferro, como aparece escrito nunha das cláusulas do seu testamento: "*Todo lo mando para siempre y jamás a la dicha capilla de Santa María de Ferroy, que yo hice y fundé a la cual capilla y patrón nombro e instituyo por mi heredero universal*" E segue "...y enfrente del altar una sepultura con escudo de mis armas, a donde mando me entierren y encima del altar, otro escudo de mis armas..." "Item mando lleven con mi cuerpo el día del entierro de ofrenda, seis carneros, dos fanegas de centeno y una carga de vino blanco y que un año y un día se ofrende cada domingo, pan, vino y lumbre y se vistan seis pobres de los más necesitados, de sayos, capotes y greguescos..."

"Item mando a mi ama María Fernández Dagonde que viva en mi torre que está en el **lugar de Quintela**, para todos los días de su vida y usufructúe toda la renta que se me paga en dicho lugar de Quintela, que son: diez y seis fanegas de pan, un puerco cebado, abierto en canal y seis capones y un carnero y un cabrito y huevos, por todos los días de su vida..."

Na igrexa de Sta. María de Ferro conserva no seu brazo dereito a capela fundada por D. Lope de Camba e Taboada, señor da Torre de Quintela, datada en 1613, construída con pedra de granito e bóveda de crecería con adornos, entre

eles, unha serpe, un peixe e unha roseta. No chan da nave hai unha pedra sepulcral de D. Álvaro de Taboada coas catro barras no medio rodeadas de oito caldeiros.

Na porta de entrada á capela aparece un escudo medio cortado e partido coas armas dos Taboada e dos Camba.



Armas do Condado de Taboada

### A TORRE DE TOSENDE

Como o seu nome indica, atópase esta torre no lugar de Tosende, parroquia de Santiago de Ferri.

Consta de planta baixa e alta. Os muros son de lousa, e as fiestras están enmarcadas con granito. Ten forma case cadrada ó exterior. Por un lado mide 6,40 metros e polo outro mide 5,6. No interior conserva xunto a unha das súas fiestras uns asentos de pedra granítica, típicos medievais.



Escudo parte sur

No S. serve de lintel á fiestra, unha pedra de granito decorada de 40 x 30 cm. Nela aparece tallada a figura dun cálix cunha hostia e dúas cambas de carro á súa dereita. Nun dos adornos está pousado un paxaro e na parte alta unha arboriña.




Estado actual da torre

Esta torre pertenceu ó señorío dos Camba, descendentes do conde ERO. A torre de Tosende de Camba aparece nunha escritura outorgada "...en la villa de San Juan de Portomarín 1516" na que fala sobre a lesión de engano na transmisión dos lugares de Tosende de Arriba, Tosende de Abaixo e Casmíñavida. Na escritura de 18 de febreiro de 1656 que o licenciado D. Amaro Fernández de Rubinos cedeu a Antonio Vila o lugar e Torre de Tosende de Camba, como pago de débedas e salarios.

No 18 de febreiro de 1863 figuraba como arrendatario D. Juan Gómez Díaz, veciño de Tosende de Arriba. "Arriendo el lugar acasarado que se compone de 38 fincas rústicas y una urbana, destinada esta a casa morada con su torre sita en Tosende de Arriba, de la expresada Ferroy, la que se compone de dicha torre antigua, cuadras, cocina, horno de cocer pan, alpendres de recojer carros, leñas y otros aperos de labranza con sus cuartos altos..."

O actual propietario é D. Juan Gómez, descendente directo de D. Juan Gómez Díaz e dona Amancia de la Barrera.

Alumnos/as 6º - Lousada



Alumbrado 6º  
Lousada

## A MOSTEIRAL IGREXA DE SANTA MARÍA DE MOSTEIRO

Manuel Castro Lorenzo  
Sandra Castro Vilaboa  
4º ESO

O topónimo desta parroquia do noso concello é o único indicio da existencia dun antigo cenobio neste lugar, pois non dispoñemos de referencias escritas que o testemuñen. Para o investigador García Conde o mosteiro existiu entre os séculos IX ó XI, e posteriormente sería absorbido polo de Ferreira.

Tres etapas preséntanse moi claras no entorno desta igrexa:

**a) Etapa prerromana:** fálanos desta primeira etapa o castro que houbo aquí. Os modernos medios agrícolas borraron case totalmente a súa pegada, pero, afortunadamente, segueo testemuñando o topónimo "O Castro", nome que aínda levan estas terras agrícolas a menos de cien metros ó poñente da igrexa.

**b) Etapa romana:** estana lembrando os topónimos Vigo e Vilar. Vigo procede da palabra latina *vicus* 'pequeno núcleo de veciños', núcleo que aínda existe preto da igrexa. O mesmo parece confirmar o topónimo Vilar, que pode sinalar o asentamento dunha "vila romana". Sería como a continuación da vida castrexa, romanizada por un rico que levantou alí a súa casa, "a vila", coa correspondente hexemonía do seu contorno. O nome do posuidor perdeuse, pero o recordo da vila quedou no topónimo.

**c) Etapa alto medieval:** caracterízase pola súa precoz cristianización. Varios argumentos de gran valor arqueolóxico confírmano: por exemplo o topónimo Mosteiro, que é o nome que ten a parroquia, certifica a presencia dun mosteiro. Sen embargo, o nome non especifica o aspecto cronolóxico. Para iso acudiremos a López Valcárcel: "o noso documentado mestre D. Antonio García Conde entende que, sen dúbida, houbo aquí un mosteiro alá polos séculos IX- XII, nos que se fundaron e desapareceron moitos".

Por mor de que se atoparon bastantes sartegos na parroquia de Mosteiro, pénse que xa bastante antes do século

IX había aquí un pequeno mosteiro. Os seus primeiros monxes deberon ser os que evanxelizaron estas terras, continuando o seu labor apostólico nos séculos vindeiros. A finais do século XII, ou xa no XIII, serían os monxes os que tamén edificaron a actual igrexa románica.

### A IGREXA PARROQUIAL

**a) A planta orixinal románica:** compõe só de nave e ábsida, ambas rectangulares; todo o demais foi engadido posteriormente. A nave está cuberta de madeira a dúas augas; a ábsida, sen embargo, cóbreu unha bóveda de canón. Na nave ábrense tres portas: a principal ou de poñente, e dúas más enfrenteas, unha no muro norte e outra no sur. A existencia de tres portas nunha igrexa románica, está indicando por si mesma unha certa importancia do monumento.

**b) Elementos relevantes do interior:** na nave conservanxe no seu estado orixinal cinco ventás; dúas ábrense en cada un dos muros laterais e unha sobre o arco triunfal. Estas fiestras románicas son as propias do estilo na súa tipoloxía más sinxela: son altas e moi estreitas por fóra, remátanse cun arco de medio punto e teñen un gran derramo por dentro; así, a luz entra apertada desde fóra e esténdese por dentro do templo.

A sección rectangular do arco triunfal expresa a sinxeleza da súa estructura. Apóiese sobre impostas biseladas que coroan as pilastras que soportan o arco. Estas impostas prolónganse por todo o interior de ambos muros laterais do presbi-

terio. É moi interesante resaltar o inicio do apuntamento neste arco. Aquí está a razón fundamental pola que se debería poñer data á obra nun románico moi avanzado, tal vez de principios do século XIII.



Fachada

No centro do presbiterio álzase un arco faixón que axuda a soster da bóveda. É das mesmas características que o arco triunfal, pero de medio punto.

**c) Os elementos exteriores:** os muros, en xeral, son de granito. Na porta principal, sobre un par de columnas, coa base soterrada e de sinxelos capiteis xeométrico-vexetais, aséntanse dúas arquivoltas mediante impostas biseladas. Ambas arquivoltas levan un par de molduras de toro. Perfilaas outro arco de medio punto adornado con puntos de diamantes en forma de cuadrifolios.

A porta norte agora está tapiada. Ten un único arco de medio punto con formas lisas na súa rosca e billetes en

dameiro no semicírculo que o cingue. Pousábase nunha columna acodada a cada lado. Deste sistema de soporte o único que queda son os cimacios-molduras en forma de s-, decorados con bolas de escaso volume.

A porta sur tamén posúe unha soa arquivolta de medio punto. A cada lado ten unha columna acodada de fuste liso que se levanta sobre bases áticas. Os capiteis son de follas moi estilizadas e cunha fendedura central con bolas, motivo que repiten os cimacios. A porta está decorada cun voluminoso rolo á esquerda, e coa cabeza dun boi á dereita.

#### OUTROS ELEMENTOS NON ROMÁNICOS

a) Sanxristía: nunha época moi posterior aumentóuselle a sancristía pola parte sur.

b) Gran estancia: á par da sancristía, pegada ó muro sur da igrexa, construíuse unha gran estancia, seguramente para a recollida de rendas.

c) Escaleira de caracol: no muro norte da nave, xunto á fachada, edificáronse unhas escaleiras de pedra en forma de caracol. Van dentro dunha especie de torre de fortes muros que actualmente levan ó campanario da igrexa.

A metade superior da fachada foi reformada totalmente. A obra, como alí mesmo se indica, realizase en 1782. No centro da espadana atópase unha coroa real voada sobre o anagrama de María, é dicir, un A superposto sobre un M, o que significa Ave María.

#### AS PINTURAS

Como consecuencia dunhas obras de restauración desta igrexa, realizadas baixo a dirección de dona Blanca Besteiro, descubríronse distintas pinturas nas súas paredes, áinda que parte delas se perderon por mor do tempo e da humidade.

Ninguén sabía da súa existencia. Foi a propria Blanca quen, como medida preventiva, as descubriu despois de facer

unhas catas debaixo do cal. Logo foron destapadas quitando todo o cal con coitecas tipo bisturí e o po con gomas de borrar.

Na base do arco triunfal, á parte dereita, está o Nacemento. Se seguimos mirando pola parede do lateral derecho, aparece a Adoración dos Reis Magos. Na escena do lado, hai un cabaleiro, que posiblemente sexa Santiago, pisando a cabeza dun negro. Baixo este debuxo, hai unha inscrición que parece dicir:

*"Esta obra mandó facer Teresa ... e sus hijos Pedro de Vilar Játome de Vilar eso en este ano de 1527 este ano".*



Adoración

Na mesma parede, como caso único, aparecen dous gaiteiros e unha zorra tocando a gaita.

Mirando outra vez para a dereita do arco triunfal, e na zona de arriba do Nacemento, obsérvase a resurrección dos mortos, xunto coa figura do Pantocrátor ou Pai Eterno e os anxos tocando a trompeta (chamando a xuízo).

Na parte esquerda do arco, podemos ver a Crucifixión, o Descendemento da Cruz e a Resurrección de Cristo.

Debaixo destas escenas, aparece tamén o martirio de San Sebastián e, ó seu carón, formando parte da parede lateral esquerda, hai un santo cazador que está armando o arco.

Nesta mesma parede, aparecen así mesmo unhas xustas e unhas caras que semellan estar contemplando unha batalla. Hai unha inscrición que pon así:

*"Esta obra mandó facer Ares de Pallares e a súa muller"* (foi alcalde de Lugo arredor de 1524).



Xustas. Detalle

Ó lado do escudo hai unha figura que semella un apóstolo; a continuación, podemos ver a Flaxelación do Señor, a Coroación de espiñas e Xesús coa Cruz a costas.

Se seguimos observando esta mesma parede, podemos ver un esqueleto cun arco, que representa a morte, e unha inscrición que parece poñer:

*"Yo soy la muerte ... el arco armado mato a quien quiero".*

Nesta ilustración aparecen, como figura típica, varios sapos, que simbolizan os pecados da carne, a parte doutros animais que parecen cobras.

Máis arriba desta escena hai dous animais, un deles semella un can e o outro non se sabe moi ben o que é.

Debaixo da figura da morte, hai un paxaro que está picando no lombo a outro animal que parece un xabaril.

A simple vista, as pinturas da parede da esquerda parecen más perfectas cás da dereita, que son bastante rústicas e están peor debuxadas. Baste como exemplo o Neno do Nacemento, con melena como se fose un rapaz de vinte anos e os pés desproporcionados.

## A ANTIGA IGREXA DE GUNTÍN

Encóntrase no límite entre Guntín e Ferreira. É unha humilde mostra de templo rural. Está formada por unha nave rectangular e unha sancristía. No seu interior encóntrase un arco triunfal con imposta, cunha capela maior a catro vertentes. Ó carón, unha sancristía pegada ó alzado norte do presbiterio. A fachada contén pirámides aguzadas nos ángulos e un campañario dun único vano. Os muros son de cachotería; a fronte, de granito. A cuberta é de madeira, con tellado de lousa; o pavimento, de laxa. Foi fundada por Andrés Vázquez Gandoy, cura e rector, arredor do séc. XVI.



Antiga igrexa de Guntín

O retablo maior é de estilo neoclásico, cun encadramento franqueado por dúas columnas en cada lado e frontón recto.

No interior encontrábanse diversas esculturas, entre elas: Santa Lucía (séc.

XVIII), Santo André, Ecce Homo (séc. XIX), Santa María (séc. XVIII), Santo Antón de Padua (séc. XIX) e San Salvador. Na actualidade, algunha delas atópase na nova igrexa da localidade.

Nun principio, esta igrexa pertenceu a Vilameá. Logo, pasou a depender de Ferreira. Actualmente pertence á parroquia de Guntín.

Na parte exterior da igrexa consérvase un cruceiro de fuste baixo. Tamén se poden observar sepulcros dos séculos XVII e XVIII.

## A CAPELA DE MEIXABOI

Eclesiásticamente pertence á parroquia de Ferreira de Pallares. É un edificio de forma rectangular cunhas dimensións de 8,64 x 5,09 metros. Os muros son de cachotería. O tellado, reformado non hai moitos anos, é de madeira, a dúas augas, con cuberta de lousa. O pavimento é de laxas. O campanario ten un único vano.

No seu interior posúe un retablo salomónico de 2,70 metros con catro columnas e tres fornelas na parte baixa. Na súa predela ou base hai unha inscrición que pon: "ESTE RETABLO SE YZO Y PINTO A COSTA DE LA ... AÑO DE 1668 SIENDO CVRA EL LDO. NVNES BAMDE".

Tamén se atopaban distintas esculturas: unha Santa María Madalena, A Nosa Señora do Carme e o Santo Anxo da Garda, todas elas contemporáneas do retablo.

Na parte frontal da capela hai un cruceiro liso, con follas estilizadas nos brazos. É do século XVIII.

Lucía Núñez Rodríguez  
Ana Belén Redondo Valín  
Marcos Valín Fontao  
José Antonio Vázquez Díaz

## OS TEMPLARIOS EN GUNTÍN

Marta Blanco Marqués  
Martín Vázquez Vázquez  
4º ESO

A Orde do Temple foi fundada en Xerusalén por Hugues de Payns e outros cabaleiros franceses en 1119 coa finalidade de protexer ós peregrinos dos Santos Lugares. O seu nome ten que ver coa súa instalación, por parte do rei de Xerusalén, Balduíno II, nun pazo próximo ó templo de Salomón. Estímase que xa no primeiro tercio do século XII se estableceron en Aragón, Cataluña e Navarra, e posteriormente estenderonse a Castela e León. A súa misión nestes reinos consistía na defensa dos territorios fronteirizos, alcanzando gran importancia coa súa activa participación nas accións guerreiras da Reconquista.

Durante a Idade Media existían no actual termo municipal de Guntín dous coutos monásticos: o de Ferreira e o de San Fiz do Ermo. O primeiro era Benedictino; o segundo, pertencía ós Cabaleiros do Temple.

A primeira noticia que temos, tanto sobre o coto de San Fiz como sobre os Cabaleiros do Temple, atópase nun documento do Mosteiro de Ferreira, conservado no Arquivo Histórico Nacional, con data de 29 de abril de 1166. Nel, un Cabaleiro chamado Bernardo Muñoz, manda no seu testamento que tanto se morre na terra dos sarracenos (árabes que vivían no Al- Andalus) como en territorio cristián, sexa sepultado no Mosteiro de Ferreira, onde tamén está soterrado seu pai. Entre as disposicións que outorga ó Mosteiro, figura o lugar de Zamai, que se achaba no coto de San Fiz.

A partir destas datas, as liortas entre ambos coutos van ser continuas. As dúas institucións pretendían ser o baluarte da igrexa: uns contra os infieis; os outros, contra a ignorancia e a superstición do mundo rural. Aspiraban, tamén, a aumentar as súas posesións e autoridade a costa da piedade, crenzas e necesidades dos campesiños e da pequena nobreza.

En 1227 estala o confrontamento entre ambas institucións polo padroado de San Vicente de Vilamerelle. Este lugar, encadrado no coto de Ferreira, pertencía, sen embargo, ós Templarios. A sentencia do bispo de Lugo establece que os Templarios teñan na igrexa de Vilamerelle o padroado eclesiástico e os mon-



O gran mestre da Orde dos Templarios de xeonllos diante de Balduíno II, rei de Xerusalén.

xes de Ferreira a xurisdicción real. Igualmente, estipula que os Benedictinos non poden ter no coto do Temple vasalos servís, senón tan só homes de beheiría (campesiños libres que gozaban da facultade de elixir por señor a quen quixeran).

O último documento no que se plasma a discordia entre as dúas ordes parece ser de finais do XIII, ou principios do XIV. Neste caso, o motivo é a posesión do lugar de Couso e do hospital de Nespereira, límite de ambas xurisdiccionés. Documentos posteriores indican que ambos lugares pasan a mans dos Benedictinos.

Extinguidos os Templarios por Clemente V con data 3 de abril de 1312, o seu coto pasará a mans do rei Afonso XI, que llo outorga ós señores de Ulloa.

**BIBLIOGRAFÍA.- REY CAÍNA E RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ:** "Benedictinos y Templarios en Guntín" (S. IX- XVI), en *Actas del II coloquio Galaico-Minhotu*, A Coruña, 1985.

## OS CRUCEIROS

Rocío López Jul  
Marta Rey López  
Paula Rodríguez Porto

As orixes do cruceiro posiblemente se atopen nos primeiros anos do cristianismo. Neste tempo prodúcese unha cristianización de tódolos lugares e monumentos sospitosos do paganismo; así, é posible que, coa pretensión de cristianizar os miliarios romanos, se puxera unha cruz sobre os mesmos, e así comezase o proceso hoxe denominado cruceiro (o cruceiro elévase sempre sobre un pedestal que puidera deberse a un recordo do miliario).

Valle Pérez e Laredo Verdejo coinciden en definir o cruceiro como unha creación posrománica, é dicir, gótica, vinculada ás concepcións místicas emanadas do pensamento das ordes mendicantes, sobre todo dos Franciscanos que promovían o seu desenvolvemento (non pode negarse o influxo de San Vicente Ferrer no século XV na difusión dos cruceiros, tanto en Galicia como en Bretaña). Alcanzará a súa máxima expansión a partir do século XVII, coa aparición do estilo Barroco, a par das ideas emanadas do Concilio de Trento e da Contrarreforma, momentos nos que algúns canteiros con fama, os menos, e outros, na súa maioría anónimos, comezaron a encher Galicia de cruceiros.

Por outra parte un dos más grandes estudiosos deste tema, que foi Castelao, díños que no século XIV comezan a aparecer en Galicia as primeiras cruces góticas, a imaxe de Cristo crucificado, colocadas sobre amplos bloques de pedra e columnas que serven de soporte.

Este tipo de obras non son auténticos cruceiros, concibidos expresamente como tales, senón que resultan da adaptación de cruces procedentes de altares pétreos ou cruces cumiais das igrexas, significado de que o verdadeiro cruceiro se produce en Galicia máis tarde, a partir do

século XV, igual que na Bretaña francesa, especialmente impulsado por San Vicente Ferrer en ambas zonas a principios do século mencionado.

Segundo Valle e Verdejo, esta teoría é rebatible: por un lado pola existencia de cruceiros anteriores ó século XV, como o de Melide e o de Home Santo de Santiago e sobre todo polo descubrimento dun documento, que se conserva no Arquivo da Catedral de Lugo, relativo a unha venda realizada no ano 1215, e no que parece ser que un cruceiro fai referencia topográfica.


### ELEMENTOS DO CRUCEIRO

#### Plataforma

Está constituída por un ou varios pasos. Normalmente teñen forma cadrada ou rectangular, pero tamén poden ser octogonais, hexagonais ou circulares. Están colocados en forma graduada e cos bordes redondeados nos mellores exemplares. Este é un elemento que pode faltar no cruceiro, se este se levanta sobre unha rocha, muro ou conxunto de pedras.

#### Pedestal

Presenta formas diversas, normalmente cuadrangular ou trapezoidal, aínda



que abundan os feitos en dúas pezas. As veces, as súas caras están enmarcadas e presentan relevos divinos. En diversas ocasións, en vez de pedestal ou colocado sobre el, normalmente do lado da imaxe

de Cristo, aparece un peto de ánimas. Este elemento, cando está integrado no cruceiro, consiste nun corpo normalmente con remate en arco. Na parte inferior están as "almiñas" en actitude suplicante, envoltas en chamas. Sobre elas aparece a Virxe do Carme, San Francisco ou Santo Antón salvando almas, en ocasións tamén rodeados de anxos. Completa o retablo un pequeno peto destinado a recoiller esmolas e colocado no pedestal.

A cara frontal do pedestal é o lugar onde está a inscrición e a data de construcción. Ademais pódese atopar outra data, a cal representa a conmemoración dalgún suceso pouco honroso, polo cal a construcción do cruceiro é un acto de arrepentimento. Hai veces que se representa a caveira soa ou acompañada dunha serpe ou píntega.


### Mesa do altar ou pousadoiro

Elemento habitual dos cruceiros, sobre todo nas zonas rurais. É unha pedra traballada con funcións de altar, colocada sobre as gradas ou plataforma ou sobre unha peña. Acostuma estar situada na fronte, é dicir, no lado da imaxe de Cristo e en posición perpendicular ó cruceiro. Está destinada a colocar as imaxes dos santos nas procesións que pasan ó carón do cruceiro e os férrelos que van camiño do campo santo para o rezo das oracións e responsos, e ás veces celébrase sobre esta pedra a Misa.

### A columna, o fuste ou o varal

Pode ter diversas formas. Moitas das columnas, en especial na comarca lucense e Norte da Coruña, levan gravados por toda a súa lonxitude relevos dunha serie de instrumentos gremiais e símbolos da paixón: martelos, tres cravos,

tenaces, lanza, escaleiras..., e remátanse no cadrado alto con adornos tradicionais.



Cruceiro da igrexa vella de Guntín

En ocasións, no Sur de Galicia, aparecen talladas na columna unha ou varias figuras de corpo enteiro de santas ou evanxelistas, colocados na fronte e incluso ós catro ventos, xeralmente Santo Antón, San Francisco, Santiago, San Pedro e San Roque, que responden a devoción dos doadores, e noutras ocasións ás vocacións do lugar. Nalgún caso aparece unha representación do Pecado Orixinal. Este non se representa dun modo simbólico, senón naturalista. O normal é ver os catro momentos do pecado, todos nunha mesma escena, destacando a tentación da serpe, representada de modos diferentes pero xamais humanizada. Ás veces substitúese por unha píntega. Nalgúns casos represéntase no fuste a escena do castigo.

### O capitel

É un elemento de clasificación difícil ó ofrecer unha extensa gama de variacións na súa forma e decoración. Non se axusta a un estilo determinado, e as súas partes non aparecen perfectamente definidas. Nos exemplares antigos abunda a utilización do falso capitel, que aparece tallado na súa única peza coa columna.

A forma más abundante neste elemento é a tronco-piramidal invertida, de orde xónico. Os capiteis do esquema xónico, en moitas ocasións, convértense en capiteis compostos de corintio e xónico.

Outro tipo abundante de capiteis son os de forma neoclásica, a base de molduras rectas e cóncavas, grecas e outros adornos de tipo xeométrico. En ocasións aparecen outros capiteis de forma diversa: orde dórico, corintio, esquema románico..., con ou sen adorno.

### A cruz

A cruz de remate é o elemento más notable do cruceiro e onde se representan as devocións populares. Pode ser latina ou grega; acostuma aparecer con imaxes en ambas caras, e, de maneira menos frecuente, coa única imaxe de Cristo crucificado.

Hai cruceiros nos que a cruz carece de figuras, aínda que poden portar un relevo e na súa parte central o adorno dalgún símbolo eucarístico ou relixioso. Cando a cruz non ten ningunha imaxe ou figura, a súa forma é normalmente grega ou de brazos iguais. As cruces dos primeiros cruceiros galegos adoitan ser obras moi artísticas, dun tratamento elaborado e con notables e variados remates.

A maioría das cruces posteriores son de tipo latino e de formas variadas.

## ROCHAS DE GUNTÍN

A paisaxe que nos rodea, e que tantas veces nos chama a atención pola súa beleza, está determinada polo clima e o tipo de rochas presentes nunha zona. Ambos factores son os responsables das formas do relevo e da vexetación presente. Os alumnos de 4º de E.S.O. que estudian xeoloxía decidiron observar a paisaxe do seu municipio e recoller mostras das rochas más abundantes para aprender algo delas.

Da observación do mapa xeolóxico da zona dedúcese que os materiais predominantes son rochas magmáticas e, sobre todo, metamórficas, o cal indica que este municipio se asenta sobre unha zona que foi pregada durante a época na que se formaron as montañas más antigas de Europa (Oroxenia Hercínica). Ditas montañas presentan hoxe en día relevos suaves e de pouca altura.

Chaman a atención algúns dos minerais característicos desta rochas:

- Cristais prateados e brillantes de mica moscovita.
- Pequenos cristais vermellos de granates.
- Exemplares de gran tamaño de turmalina negra e, incluso, cuarzo cristalino.



Óxido de ferro

Na zona houbo hai xa uns 30 anos minas de ferro, que na actualidade están

abandonadas, o cal indica a acumulación de óxidos de ferro en certas zonas.

Os arredores do pobo están cubertos por unha capa de sedimentos nos que se aprecian abundantes fragmentos redondeados de cuarcita, unha rocha metamórfica formada a partir de areas de cuarzo.



Ampelita

Resulta tamén rechamante a presencia de lousas carbonosas (ampelitas) preto do río Ferreira. Son lousas que se formaron a partir de arxilas moi ricas en materia orgánica o cal indica que posiblemente, hai millóns de anos esa zona era o fondo dunha lagoa.

Bibliografía: "Mapa xeolóxico de Guntín". IGME. Escala 1:50.000.

## A BANDA DE GUNTÍN

Nos tempos dos nosos bisavós e avós, en Guntín había unha banda de música, que se desfixo pola avanzada idade dos seus compoñentes.

Agora estase formando de novo a banda, desta vez con diversidade de idades, dende os cinco anos para adiante.

Os alumnos temos distintas dedicacións persoais: estudiantes, profesores...

Esta idea xurdiu dende o Concello, que, en recordo da banda que había antes, quería recuperar esta bonita tradición.

Dende hai 16 meses, os membros da banda xuntámonos para recibir clases de solfexo e de instrumento no C.P.I. Tino Grandío, en espera de que se remate a Casa de Cultura.

Ata de agora impartíronnos clase tres profesores que por diversas causas tiveron que deixalo. Neste momento temos un profesor só, chamado Manuel Yáñez. Ata estas datas íamos os venres á clase e dividiámónos en dous grupos; agora un grupo vai os xoves e outro os venres, agás os últimos venres de mes que nos xuntámos os dous grupos para facer unha clase colectiva.

Cada un comprou os seus instrumentos, non tivemos ningún tipo de axuda. Agora vaise crear unha asociación.



A antiga banda de Guntín

Ángel Orosa Rodríguez  
Noemí Orosa Rodríguez  
Eva Díaz López

## GUÍA DAS FESTAS POPULARES DO CONCELLO DE GUNTÍN

Alumnos/as de TEE de 3º ESO

PARROQUIA	PATRÓN	DATA	FESTEXO
Castelo	Corpus Christi	xullo, sen data fixa	dous días de festa
Constante	San Miguel	29 de setembro	non hai festexos
Entrambasaugas	Santiago	primeira fin de semana de agosto	dous días de festa
Ferreira	Nosa Señora do Rosario	primeiro domingo de outubro	un día de festa
Ferroi, Santa María	Nosa Señora do Rosario	primeiro domingo de outubro	non hai festa desde hai varios anos
Ferroi, Santiago	As Dolores	sobre o 17 de setembro	hai dous días de festa e unha churrascada ó día seguinte
Francos	San Salvador	6 e 7 de agosto	dous días de festa e unha churrascada o día 5 á noite
Gomelle	Fátima	12 e 13 de maio	dous días de festa
Grolos	O Corpiño	a fin de semana entre o 17 e o 23 de xuño	dous días de festa
	A Santa Cruz	14 de setembro	un día de festa; dous se coincide fin de semana
Guntín	San Salvador	primeira fin de semana de xullo	uns catro días de festa
Lamela	Virxe do Carme	penúltima fin de semana de agosto	dous días de festa
Lousada, Santa Eulalia	San Berto	24 e 25 de agosto	dous días de festa e churrascada o 23
Monte de Meda, San Martiño	As Neves	5 de agosto	un día de festa
Mosteiro	A Asunción e o San Roque	15 e 16 de agosto	dous días de festa e churrascada o día 14
	Santo Antón	o domingo seguinte ó 17 de xaneiro	un día de festa
Mota	Santo Estevo	segunda fin de semana de setembro	dous días de festa e churrascada o día anterior
Mougán	O Anxo	24 e 25 de setembro	dous días de festa e churrascada o día anterior

PARROQUIA	PATRÓN	DATA	FESTEXO
Navallos	San Pedro	29 de xuño	un ou dous días de festa
Ourol	Santa Sabela	4 de xullo ou a fin de semana máis próxima	dous días de festa
	San Xiao	8 de xaneiro	non hai festexos
Piñeiras	San Mamede	17 e 18 de agosto	dous días de festa e churrascada o día seguiente
Pradeda	Santa Eulalia	segunda fin de semana de xuño	dous días de festa
	Santo Antón	17 de xaneiro	non hai festexos
	Festa do fútbol	18 de marzo (só se celebrou no ano 2002)	un día de festa
San Cibrao de Monte de Meda	As Dolores	unha fin de semana a mediados de setembro	dous días de festa e churrascada o día anterior
San Mamede de Lousada	San Mamede	a fin de semana seguinte ó 15 de agosto	dous días de festa
San Romao da Retorta	As Dolores	na terceira semana de xullo	dous días de festa
Santa Cruz da Retorta	San Roque	o domingo seguinte ó 15 de agosto	non hai festexos
Santa Euxea	San Xoán	24 de xuño	ás veces hai un día de festa, pero non sempre
Sirvián	A Ascensión	o xoves correspondente	non hai festexos
	San Bertomeu (en Montouto)	24 de agosto	un día de festa
Vilamaior de Negral	A Ascensión	a segunda ou terceira fin de semana de setembro	dous días de festa
Vilameá	O Sacramento	a terceira fin de semana de xuño	dous días de festa
Vilamerelle	A Virxe do Carme	a penúltima fin de semana de agosto	dous días de festa
	San Vicente	22 de xaneiro	non hai festexos
Vilarmao	San Miguel	29 de setembro	dous días de festa
Zolle	Santa María	8 e 9 de setembro	dous días de festa e churrascada o día anterior
	Santa Lucía	13 de setembro	un día de festa

### O ENTROIDO

Alumnas/-os de 3º de E.P.

**As festas de entroido están relacionadas co ciclo das estacións: celebran a primavera, o renacemento da luz e a fin do inverno. Disfraces e máscaras son os seus compoñentes esenciais.**



No entroido disfrazámonos todo o Centro, desde Educación Infantil ata os nenos e nenas de 6º de Primaria. Os de Infantil disfrazáronse de dálmatas: estaban moi guapiños cos seus rabiños e orelliñas.

Os de Primeiro Ciclo de Primaria fixérono de bruxas que nos enfeitizaron a todos; a nós, que somos os nenos e nenas de 3º, e ós de 4º, convertéronnos en pallasos; mentres que os de 5º e 6º transformáronse en monecos de neve.

Os profesores tamén se disfrazaron. Coas nosas máscaras recorremos toda a

vila, chegando ata o Concello, onde o Sr. Alcalde nos deu caramelos. Logo regresamos ó Centro. Ali, as cociñeiras agraciáronos cunha comida típica destas datas: o cocido. ¡Hum! ¡Que rico estaba!. Foi un día moi divertido.

¡Gústanos disfrazarnos! E, ademais, tamén gozamos moito facendo os disfraces. Estivemos ó menos dúas semanas preparándoos, para o que utilizamos distintos materiais: cartolina, papel pinocho, bolsas de plástico, etc.

¡Ata o vindeiro ano!

## COUSAS QUE PASAN NO ENTROIDO

*A todas as nenas e nenos que participaron no entroido deste ano,  
polo ben que o fixeron*

Pasárao moi ben aquel día no colelio. Pola mañá houbera xogos no polideportivo. Tocoume facer parella coa miña amiga María. Na carreira de pés atados quedamos eliminadas, pero foi moi chachi. Gañaron Alba e Xabier, de cuarto. Na carreira de pasar ovos coa culler quedamos de cuartas; cando María me deu a min o ovo viña de segunda, pero logo adiantáronme Iago e Iria. Tamén estivo moi divertida. O mesmo que o baile da filloa; había que bailar en parella cunha filloa na boca e a parella que soltaba a filloa, ou a que a comía, paraba de bailar. Nós levamos o terceiro premio, dous bolígrafos ben chulis, ¡chachísimo!.



Bonecos de neve (5.<sup>º</sup> e 6.<sup>º</sup> de E.P.)

O que peor se me deu foi o de picar globos cos ollos tapados. Piquei un globo cheo de auga e case me ducha. Claro, todos me dicían: "á dereita, á dereita", e eu fíxenlle caso. Total<sup>º</sup>, resultou súper divertido igual. E más ainda para o público. Serte tívoa Roque que picou un globo cheo de fariña; púxose noxento pero dentro tamén había un papelíño que poñía: EN HORA BOA, GAÑACHES O CONTO TITULADO

"¿A que sabe a lúa?". Despois deullo á profe na clase e léunolo, é precioso.

Pola tarde disfrazámonos e fomos de pasacalles pola vila. Toda a xente nos aplaudía. Nós, os de terceiro, íamos de vellos as nenas e de vellas os nenos. Estabamos chulísimos; o lago mesmo parecía súa avoa, que ben a coñezo.

Cavilando nas cousas que me pasaran no colelio cheguei á parada do autobús sen decatarme. Cando me baixei e vin que non había ninguén agardándome empecei a preocuparme. Dende a parada ata a miña casa aínda había que andar un pouco. Meus pais tíñanme avisado de que se algunha vez pasaba esto que fora para a casa do Campo, que queda pretiño de alí. Pero aquel día dixéránme que me viría recoller meu avó e estrañoume<sup>º</sup>. Daquelas saíu un home de detrás dun carballo que hai á beira do camiño<sup>º</sup>. Asusteime moito. Aquel home ía disfrazado de lobo e díxome con voz ronca:

-¿Queres que te acompañe á túa casa?

Empecei a pensar no lobo de "**Carapuchiña Vermella**" e boteíme a chorar...

Entón apareceu o Rulo, o noso can, e veume saudar, como sempre. O home-lobo riuse coma un tolo e coñecino; aquel toleirán era o meu irmán Cacho que me quería meter medo. E meter meteumo pero eu tamén lle metín unha patada na canela que lle fixo dar un bo berro de dor. Por iso díxenlle:

-Toma, unha por outra.

Toño Núñez, mestre de E.I.

### ENTREVISTA Ó CESTEIRO MANUEL RODRÍGUEZ

Ola, señor Manuel, somos unhas alumnas do colexio de Guntín que estamos facendo un traballo sobre os oficios tradicionais. Como vostede é cesteiro decidimos facerlle unhas preguntas:



**Entrevistadoras:** ¿Cando comezou con este oficio?

**Manuel Rodríguez:** Cando tiña oito ou nove anos.

**E.:** ¿Quen lle ensinou?

**M.R.:** Meu pai e meu tío.

**E.:** ¿Aprendeu rápido a facer cestos?

**M.R.:** Si, aprendín rápido.

**E.:** ¿Por que comezou a facelos?

**M.R.:** Porque era un oficio que me gustaba.

**E.:** ¿Sácalle moito tempo este oficio ou só se adica a isto?

**M.R.:** Dedícome á agricultura e os cestos fágoos por gusto.

**E.:** ¿Sácalles proveito?, é dicir, ¿véndeos ou simplemente os fai para o uso da casa?

**M.R.:** Si, véndeoos pero tamén os fago para o uso da casa, familia e amigos.

**E.:** Se os vende, ¿canto custa cada cesto?

**M.R.:** Depende do tamaño, desde 5 a 12 euros.

**E.:** ¿De que tipo de madeira os pode facer?

**M.R.:** As "hachas" fanse de castiro enqueirandoas no forno, o tecido de salgueiro ou guimia e as asas e o aro de castiñeiro ou carballo, cortándoas no minguante.

**E.:** ¿Como prepara a madeira?

**M.R.:** Enqueirandoa, fendéndoa e afeitán-doa.

**E.:** As árbores das que saca a madeira, ¿teñen que ser novas ou vellas?

**M.R.:** Teñen que ser novas, dereitas e moi gordas.

**E.:** ¿A onde vai pola madeira?

**M.R.:** Ó bosque.

**E.:** ¿Cre que hai moita xente que se adique a isto?

**M.R.:** Pouca.

**E.:** ¿Vostede cre que a xente se vai volver adicar a este oficio?

**M.R.:** Non, porque non é rendible.

**E.:** ¿Os cestos poden ter diversas formas?

**M.R.:** Si, e diversas cores.

**E.:** ¿Cales?

**M.R.:** Poden ser redondos cun arco, con tapadeira redonda, con dúas asas ou longos con debuxos que se chaman "cestas de conchillas". Os de cor branca hai que cocelos nun caldeiro e quitárlle-la pel.

Belén Varela Rodríguez e alumnos de T.E.E. de 3ºE.S.O.

## CÁNTIGAS POPULARES

Noé Fernández Rodríguez - David García García

Debaixo da miña cama  
teño un pelexo de lebre  
e ti debaixo da túa  
tes o demo que te leve.

Para pan de trigo, Arzúa,  
para viño a ribeira  
e para mozas elegantes,  
vivan as da miña terra.

A aquela pomba branca  
que está na cima da eira,  
non lle tires cazador  
que é a miña compañeira.



O carbón que xa foi brasa  
logo se volve acender,  
así fan os amores vellos  
cando se volven ver.

Sei cantar e sei bailar,  
sei toca-lo violín  
e tamén sei vira-las nenas  
coa cara para min.

Estivécheste louvando  
que te querían as mozas.  
¿Quen te ha de querer a ti  
sacho de varrer as pozas?



Xacobiño, Xacobiño,  
amador do meu cariño,  
o día que casemos  
heiche de dicir dun niño.

O cura chamoume rosa,  
eu tamén lle respondín,  
destas rosas señor cura,  
non as hai no seu xardín.

Andácheste louvando,  
polos muíños moendo,  
que te casabas comigo  
eso era, eu querendo.



Fun ó muíño con Paula,  
fun ó muíño con ela;  
ela durmiu nos meus brazos,  
eu durmín nos brazos dela.

Durme, durme meu neníño  
¿quen che ha de dar a teta?  
Túa nai vai no muíño  
e teu pai na herba seca.

Unha vella e mais un vello  
foron ós garabulliños,  
a vella caeu de cu  
e o vello foi de fuciños.



O cura de Vista Alegre  
ten unha pena que mata,  
naceulle un pelo no cu  
coma o corno dunha vaca.

Unha merla e mais un merlo  
ían polo prado abajo,  
o merlo como era pillo  
botou á merla por baixo.

O paxaro de María  
ándame nas miñas cereixas,  
come paxariño, come,  
veremos as que deixas.



O viño tinto é meu primo,  
o clarete meu parente,  
non hai taberna no mundo  
onde meu primo non entre.

O cura e mais a criada  
fixeron unha festa,  
penerairaron a fariña  
ó abrigo dunha xesta.

O cura e mais a criada  
ordenaron de cocer,  
a leña estaba no monte  
e a fariña sen moer.



## REFRÁNS

David García García - Silvia Fagilde Vázquez

Nubes á montaña,  
vellas á borrala;  
nubes á ribeira,  
vellas á raxeira.

☺ ☺ ☺

O amigo e o bo tempo,  
múdase co vento.

☺ ☺ ☺

Marzo marzolo,  
trebón e raiolo.

☺ ☺ ☺

Norte escuro,  
vendaval seguro.

☺ ☺ ☺

A sardiña de maio,  
que a parta un raio.

☺ ☺ ☺

Lúa nova con treboda,  
trinta días á mollada.

☺ ☺ ☺

Néboa no Miño,  
a auga vén de camiño.

☺ ☺ ☺

En San Xoán,  
a auga mata o viño  
e non dá pan.

☺ ☺ ☺

Muller costureira e home troiteiro,  
nin boa meda, nin bo palleiro.

☺ ☺ ☺

Maínzo raro,  
espigas ó carro;  
maínzo mesto,  
nin no carro nin no cesto.

☺ ☺ ☺

Non te fíes do ceo estrelado,  
nin do amigo reconciliado.

☺ ☺ ☺

Posta do sol colorada,  
do norte virá a ventada.

☺ ☺ ☺

A muller e o vento,  
cambian de momento.

☺ ☺ ☺

Vento, riqueza e ventura,  
non son cousa segura.

☺ ☺ ☺

As estrelas a brillar,  
norte fresco a soprar.

☺ ☺ ☺

Que sexas canteiro que non,  
as pedras ponas de tizón.

☺ ☺ ☺

En agosto,  
vaise o sol  
coma un lóstrego

☺ ☺ ☺

Quen fai xaxún en San Xoán,  
ou é tolo ou non ten pan.

☺ ☺ ☺

## ASÍ MO CONTARON... CONTOS E FEITOS REAIS

### "O raposo e a galiña"

Érase unha vez un home que fixo un burato moi fondo no souto.

Uns días despois, un raposo pasou preto del sen decatarse e caeu nel.

Unha galiña que pasaba por alí viu ó raposo no burato e preguntoulle:



- ¿Que fas aí?

O raposo non lle respondeu á pregunta, pero díxolle:

- Sácame de aquí.

- Prométeme que non me comerás - replicou a galiña.

O raposo pensouno un pouco e contestou:

- Está ben.

Entón a galiña sacouno.

E cando o raposo estaba fóra díxolle á galiña:

- Voute comer.

A galiña, que non tiña medo, respondelle:

- De acordo, pero antes de comerme dá tres pasos cara atrás.

Contou: "tres, dous, un"... e ¡cata-plún!

O raposo caeu outra vez no burato.

E así aprendeu a lección: "nunca fagas mal a quen che fixo ben".

Simón Seijas 5º E.P.

### "A abella folgazana"

Había unha vez unha abella que non traballaba ningún día, pois pasaba o tempo tomando o sol.

As abellas que estaban de porteiras na colmea non se decataban de que viña sen o néctar das flores para fabrica-lo mel.

As outras abellas rifábanlle porque non traía mel para compartir coas más pequenas que non sabían voar, pero ela sempre lles dicía o mesmo:

-j É que me canso de voar de flor en flor!

A raiña, que xa estaba farta de oí-las queixas, un día díolle:

- Como volvas sen traer áinda que só sexa unha presa de mel, non volverás entrar nesta colmea.

A abella prometeu que o traería, pero dáballe igual; así que ó día seguinte volveu sen nada. Desta vez non a deixaron entrar; tivo que buscar onde pasa-la noite, e como non atopou ningún lugar, durmiu fóra. Levantouse ben cedo pola mañá, foi en busca de mel e colleu moito. Levouno á colmea e as compañeiras dixéronlle:

- Gracias, así se fai, estamos moi contentas...

Ela fíxoo, e estaba tan contenta, que decidiu que nunca máis sería unha abella folgazana.

Carmen Vilar 5º E.P



### "Os carolos de millo"

Pacita (unha rapaza de Vilamerelle) e Camilo (un rapaz de Ferreira) eran noivos, pero enfadáronse.

Entón el botou outra moza en Vilaxuste e pasaba tódalas noites por diante da casa de Pacita cantando.

Pacita e maila nai saían á ventá para sentilo e non deixaban durmir ó pai e a outra irmá máis pequena.

E unha noite a irmá mandou un carollo de millo á pereira; Pacita e a nai, que coma sempre estaban de leria, esperando ver pasar a Camilo, sentiron cae-las peras e pensaron en ir apañalas; despois tirou outro e baixou rulando pola pereira abajo. Elas pensaron que eran cousas do outro mundo, colleron medo, cerraron a ventá e foron para a cama.



Á maña, o pai foi á eira, viu os carolos e preguntou:

-¿Quen andou tirando por aquí os carolos de millo?

-Seríache a pequena( a cabrita esa) para meternos medo onte á noite -dixo a nai.

-Pois fixo ben; polo menos esta noite puidemos durmir.

Ana Vázquez 5º EP

### "O criado e o lobo"

Contaba o meu tataravó que hai moitos anos na casa de Gai de Vigo (Zolle) tiñan un criado. E unha vez case de noite mandárono ir ó monte pola besta. No monte atopou co lobo e a besta veu para a casa, pero o criado non viña canda ela. Ó ver que a besta viña soa, a xente da casa e os veciños foron en busca del.



Cando ían, oíron como o criado dicía:

-¡Ai que vou na boca do lobo!

E os homes preguntábanlle:

-¿Por onde vas, ho?

E o criado respondía:

-Vou pola bouza do Neiro.

Cando os homes chegaron á bouza volvéronlle berrar:

-¿Por onde vas, ho?

El contestaba.

-¡Por arriba do Redondo!

E cando chegaron alí volvéronlle preguntar :

-¿Por onde vas, ho?

-¡Vou no carballo da Lagoa!

E xa non lles volveu dicir máis nada.

O día seguinte atopáronlle unha perna e os zapatos.

Luis Vázquez 5º EP

## XOGANDO A SHERLOCK HOLMES

(Á. de C. Naturais)

### Indagando a altura dunha árbore


#### • Material

- |                 |          |
|-----------------|----------|
| - Cinta métrica | - Papel  |
| - Lapis         | - Un pao |

#### • Procedemento

Para calcular a altura dunha árbore podemos comparala coa de algo ou alguén que poidamos medir, como por exemplo un amigo.

Primeiramente medimos a altura do amigo/a e anotámola. Despois, a persoa colocarase ao pé da árbore e ti uns cantos metros alonxado e cun pao na man esquerda, de xeito que o brazo que suxeita o pao estea estendido cara á árbore. Temos que situar o pao de maneira que coincida o extremo superior coa cabeza do amigo e facer un sinal co lapis no punto do pao ao que vemos os pés. Manténdonos no mesmo lugar e na mesma posición, movemos o pao cara arriba ata que o extremo superior coincida coa parte máis alta da árbore e facemos outro sinal no punto do pao que coincide co pé da mesma. As dúas marcas indican cántas veces é máis alta a árbore que o noso amigo.



### ¿Cal é a idade dunha árbore?

#### • Procedemento

Aínda que non hai ningún procedemento sinxelo que permita coñecer exactamente a idade das árbores, si que hai varios que nos permiten unha aproximación aceptable.

1. En primeiro lugar o típico procedemento de contar os aneis de crecemento. Ten o inconveniente de que só é válido para árbores que estean cortadas trasversalmente e que ás veces poden aparecer falsos aneis debido sobre todo ás secas fortes, defoliacións, etc.


O procedemento consiste en contar o número de aneis, que coincidirá co número de anos, porque cada anel corresponde a un ciclo anual de crecemento en grosor. Agora ben, hai que reseñar que cada anel consta de dúas partes: unha interna clara e outra externa escura. Este procedemento baséase en que o cambium, que é o tecido responsable do crecemento en grosor das árbores, está suxeito na maior parte das zonas temperadas a unha actividade periódica, de xeito que as árbores medran sobre todo durante a primavera e algo menos no verán e outono. Entón o cambium na primavera orixina vasos conductores anchos de luz ampla que lle dan unha cor clara constituíndo a madeira de primavera. No verán, os vasos que se forman teñen paredes grosas e luz estreita, dándolle unha cor escura á madeira.

Ademais de calcular a idade das árbores, observando os aneis de crecemento podemos deducir:

- que anos foron máis húmidos e cales máis secos (trátase de mirar a anchura dos aneis);
- en que anos se fixeron talas (comprobar se a partir dese momento aumenta a anchura dos aneis);
- cómo é o crecemento segundo a orientación da árbore (observa se a anchura dos aneis é maior cara a un lado que cara ao outro).

2. Outro dos procedementos, válido no caso do piñeiro, consiste en contar o número de verticilos, que son zonas da árbore onde saen grupos de pólas e que corresponden cada un a un ano. Só hai que ter a precaución de que os verticilos dos primeiros anos adoitan desaparecer e a miúdo non queda rastro deles.

3. Por último, o terceiro dos procedementos consiste en medir o perímetro da árbore a 1,5 m. do chan. Tendo en conta que a maioría das árbores das zonas temperadas medran 2,5 cm de grosor ao ano, dividindo o perímetro por esta cantidade saberemos de xeito aproximado a idade que ten. Hai que ter en conta que non todas as árbores cumplen esta regra xa que teixos, tileiros e castiñeirois de indias non medran tanto, e sen embargo eucaliptos, abetos e sequoias posúen unha taxa de crecemento maior.



## O ENIGMA DA COCA-COLA: A CAFEÍNA

Cando se mira a etiqueta dunha lata ou dunha botella de coca-cola tense a impresión de que se está bebendo unha solución de productos químicos mesturados con auga carbonatada. Os refrescos de cola teñen poucos compoñentes que se poidan denominar naturais.

Non hai dúbida de que a fórmula secreta da coca-cola tivo moito éxito: suscitou as papilas gustativas de miles de millóns de persoas de todo o mundo, por eso non sorprende que apareceran moitas imitacións.

A historia de coca-cola comezou en Atlanta cando se lle concedeu ó farmacéutico Pemberton a marca rexistrada coca-cola por unha bebida que acababa de inventar. A cidade de Atlanta acababa de votar a favor da prohibición do alcohol polo que non era raro que esa bebida se vendera ben.



Pemberton puxo un anuncio que describía a súa bebida como segue:

¡Deliciosa! ¡Refrescante! ¡Estimulante! ¡Vigorizadora! a nova e popular bebida que lle servirán a vostede no mostrador, ten as propiedades da marabillosa planta de coca e a famosa noz moscada.

A maioría dos ingredientes principais foron sempre de dominio público: azucré, caramel, cafeína, ácido fosfórico, zume de lima e esencia de vainilla. Nunca houbo cocaína na coca-cola.

Sen embargo, o aroma característico débese a unha mestura secreta de esencias que se chegou a descubrir con técnicas analíticas recentes, xa que a proporción exacta destes aromas é gardada celosamente polos directivos da empresa.

A mestura parece ser a seguinte: aceite de limón (120 partes), laranxa (80), noz moscada (40), canela (40), neroli (40), cilantro (20). Pemberton mesturábaos con alcohol e deixábaos repousar 24 horas.

Os efectos da coca-cola como estimulante débense á presencia de cafeína. Unha lata desta bebida contén 40 mg, igual que unha cunca de café, a metade que unha de té. A dose oral mortal de cafeína é de 5.000 mg. Cando se inxire cafeína, o corpo mobiliza as súas defensas a fin de desfacerse desta substancia que é identificada polo fígado como unha toxina invasora. Os efectos da cafeína persisten no corpo durante 5 horas. É curioso que o fumar cigarros fomenta que o fígado xere máis encimas destructoras da cafeína, co que os efectos duran para os fumadores tan só 3 horas.

A cafeína non é so un tónico; ade-mais é un útil medicamento e emprégase como analxésico, para o tratamento da asma. O seu uso baséase no feito de que estimula o metabolismo e relaxa os nervios bronquiais.

Utilizouse dende hai moito para aumentar a resistencia física. No Tíbet os tibetanos beben té e danlo ós seus cabalos e mulas.

Algunxs mitos populares falsos acusaban á cafeína de causar insomnio, indigestións e mal alento, e aumentar os niveis de colesterol.

En 1993 descubriuse que as primeirísimas veces que se toma cafeína o ritmo cardíaco e a presión sanguínea aumentan, pero a medida que nos imos facendo bebedores asiduos de colas, café ou té, o corpo deixa de reaccionar desa forma.

Con estes efectos fisiolóxicos non é estranxo que se pensase que a cafeína era un factor que interviña nalgunhas enfermidades comúns.

BIBLIOGRAFÍA: *Moléculas en una exposición*, de John Emsley.

Verónica e M<sup>a</sup> Carmen, de 4º ESO

## O MITO DE ORFEO

Orfeo é o heroe dun dobre mito que une a Eros e Thanatos, profeta dunha relixión de salvación expresada nos poemas órficos, e vítima exemplar do amor fatalmente desgraciado. Constitúe unha das figuras literarias fundamentais da iniciación poética. Igualmente, moitos compositores de óperas sentíronse atraídos polo tema do mito de Orfeo.

Naceu en Tracia, e tívose por fillo da musa Calíope e de Apolo, áinda que, en xeral, pasou por fillo do rei tracio Eagro. Dos seus pais herdou a fermosa voz e o xenio musical. Tan harmonioso era o seu canto que atraía ós animais do bosque, amansaba as feras, facía que os peixes asomasesen a cabeza das augas, que as



árbores se movesen ó seu paso e, mesmo, que as penas quedasen impresionadas ante a dozura da súa voz.

Participou con outros famosos heroes na expedición dos argonautas, logrando coa súa voz vencer os encantos das cantareiras sereas.

Casou coa fermosa Eurídice. Pero a moza foi mordida por unha serpe e morreu. Entón, Orfeo arrancou a súa música con tons más tristes. Como non lograba vivir

sen a súa namorada, coa súa maxia e o seu encanto logrou penetrar no reino das sombras para buscalo. Ali tocou diante de Hades e Perséfone, logrando persuadir ó rei do mundo dos mortos para que lle devolveran á súa amada ó mundo dos vivos. Mais impuxéronlle unha condición: que non podía volverse e mirala ata saír de Hades, senón confiar en que ela sempre estaría detrás. Sen embargo, no camiño de retorno, Orfeo dirixiu a vista atrás para ver se Eurídice o seguía. Foi só un intre, pero esta desapareceu para sempre.

De novo, as desesperadas melodías do viúvo Orfeo resoaron por selvas e paraxes abruptas. Desde entón non quixo ter ningún trato coas mulleres.

Foi ali en Tracia onde Orfeo atopou a súa morte. Morreu fulminado por un raio de Zeus, ou, segundo outra tradición, a mans das Ménades<sup>1</sup>. Un día, as mulleres tracias, anoxadas porque as desprezara, caeron en tropel sobre o cantor e escachizárono. Estraña morte, a de Orfeo. ¿Acaso foi o propio Dioniso quen as toleou e conduciu a darlle tan fera morte?

O corpo foi recollido polas musas e soterrado ó pé do monte Olimpo, naquela zona que frecuentan as deusas da memoria e da canción. A súa cabeza e a súa lira, tiradas ó río Hebro, navegaron nas súas augas ata o mar, e cruzando o Exeo, chegaron ata a costa da illa de Lesbos. Ali recolléronas, repousando baixo terra.

Alí-acoden a cantar, ano tras ano, os melhores reiseñores de Grecia.

**Marta Blanco/ Luis Fandiño/ Paula Núñez/ Iván Rodríguez/ Víctor López/ Ángel Orosa/ Héctor Vilaboa**

**4º ESO**

<sup>1</sup> Mulleres da corte do rei grego Dioniso

## A CAIXA DE PANDORA

Pandora, en grego *Pandōra* ‘que ten tódolos dons’ foi unha muller creada polos deuses para castigar ós homes polo seu poder e as súas pretensións. Este mito coñécese como a *caixa de Pandora*.

Hefesto modelou unha rapaza cunha mestura de auga e arxila. Atenea deulle vida e instruina nas artes femininas da costura e a cociña. Hermes, deus alado, ensinoulle a astucia e o engano, e Afrodita mostroulle como conseguir que tódolos homes a desexaran. Outras deusas vestírona de prata e cinguíronlle a cabeza cunha grilanda de flores; logo levárona diante de Zeus.

- Toma este cofre-díolle, entregándolle unha caixiña de cobre. É teu, lévao sempre contigo, pero non o abras por nada do mundo. Non me pregúntela razón e se feliz, xa que os deuses che deron o que tódalas mulleres desexan.

Pandora, que así se chamaba a rapaza, sorriu. Pensaba que o cofre estaría cheo de xoias e pedras preciosas.

- Agora teremos que atoparche un marido que te queira, e eu coñezo o home adecuado: Epimeteo. El farate feliz.

Epimeteo era irmán de Prometeo, pero faltáballe toda a prudencia do seu irmán. Prometeo advertíralle que non aceptara ningún regalo de Zeus, pero el, un pouco adulado e temeroso de rexeitalo, aceptou a Pandora como esposa. Hermes acompañouna ata a casa do marido no mundo dos homes.



- Ben, amigo Epimeteo díolle-. Non esquezas que Pandora ten unha caixa que non debe abrir por ningún motivo.

Epimeteo tomou a caixa e colocouna nun sitio seguro. Ó principio Pandora foi feliz con el e esqueceuse da caixa; más tarde comezou a recomela o verme da curiosidade.

Logo, mentres Epimeteo dormía, abriu a caixa e, rápidos coma o vento, saíron tódolos males que desde entón nos aflixen: o cansazo, a pobreza, a vellez, a enfermidade, os celos, o vicio, as paixóns, a suspicacia... Desesperada, Pandora intentou pecha-la caixa, pero era demasiado tarde: o seu contido espallouse por todas partes. A vinganza de Zeus realizouse: a raza humana non podía ser nobre como pretendera Prometeo. A vida sería unha loita constante contra as dificultades de todo xénero. Había poucas posibilidades de que o home poidera aspirar ó trono de Zeus.

Pero o triunfo do rei dos deuses non era completo. Unha cousiña de nada quedara no fondo da caixa e Pandora conseguiu pechala. Era a esperanza. Con ela o xénero humano atopou a maneira de sobrevivir neste mundo hostil. A esperanza dáballes a razón para seguir vivindo.

Alba, Jéssica, M<sup>a</sup> Carmen, María José, Sandra e Verónica. 4º ESO de Cultura Clásica

### A MULLER AFGANA

**As mulleres afganas saben dende hai moito tempo o que é vivir baixo o terror dos talibán. Esta milicia de estudiantes da relixión musulmana illou e maltratou as súas mulleres desde que subiron ó poder en setembro de 1996, cando entraron en Kabul.**

Decididos a impoñer un emirato medieval baseado nunha ríxida interpretación do Islam, declararon a guerra ás súas mulleres. Agora, encerradas no seu cárcere particular, o burka, unha longa e pesada túnica (con malla no rostro) que as cubre desde a cabeza ós pés, non saben como fuxir da guerra, que vén sumarse ás humillacións ás que son sometidas polo réxime de Kabul. A versión da monxa Pilar Vila é clarificadora: "As viúvas e os orfos non saben onde correr. Non teñen búnkeres nos que protexerse mentres os seus mariados e fillos están nos outeiros. Ningunha delas é culpable desta loucura".

#### Traballo e educación

Os talibán pecharon as escolas femininas. As mulleres non poden traballar. Só hai algúns enfermeiras e doutoras nos hospitais de Kabul. A única razón é que está prohibido que as mulleres reciban asistencia sanitaria de mans dun home.

#### Saúde

Só poden recibir asistencia sanitaria en Kabul nos hospitais que hai doutoras. O deporte téñeno prohibido. Deben restrinxila súa hixiene ó fogar, xa que non poden acudir ós baños públicos. Tampouco poden lava-la roupa en ríos ou fontes públicas.

#### Relacións sociais

Non poden realizar ningunha actividade se non van acompañadas do seu "mahram" (parente masculino máis próximo). Só poden realizar tratos con comerciantes ou subir a un taxi se vai un home con elas (nos autobuses si poden ir soas,

posto que non poden subir ós mesmos dos homes).

Nas súas casas non poden asomarse ós balcóns e deben procurar que os cristais sexan opacos para non ser vistas dende fóra. O único home ó que poden dala man é ó seu "mahram". Non poden "molestar" a ningún home coa súa presencia, é dicir, non se debe escoita-lo son dos seus pasos, nin da súa voz, nin o da súa risa. A súa imaxe non debe aparecer en ningún medio de comunicación.

#### Feminidade

En Afganistán, unha muller é azoutada publicamente se mostra os seus noceilos. O uso de cosméticos estalles prohibido, ata tal punto que se pintan as uñas poden amputárlle-los dedos.



En Afganistán a peor parte lévana as mulleres, as que non son consideradas seres humanos. Son só pantamas tapadas de péz á cabeza.

A palabra feminidade é sinónimo de castigo nun réxime que non lle permite elixir un ton vistoso para os seus "burkas". Incluso as rúas e prazas que levaban nome de muller foron cambiadas de nome. Simplemente basta que alguém as acuse de manter relacions sexuais fóra do matrimonio para que morran lapidadas.

### O MÁIS RECENTE

(Febreiro 2002)

Coa caída do réxime talibán e o final da guerra, ¿que pasa coa muller afgana? ¿Segue a leva-lo burka?

Algunhas, sobre todo as de máis idade, seguen levándoo, cren que así visten "como Deus manda". Outras, porque lle é máis cómoda e aforran roupa.

Os primeiros días de liberdade un pequeno grupo saiu ás rúas de Kabul sen burka, pero mentres algunhas mulleres as felicitaban moitos homes insultábanas.

#### La indumentaria femenina según el islam



Deron marcha atrás porque comprenderon que había que facelo cambio de forma más lenta e progresiva.

¿Cando a muller afgana poderá poñer un hiyab?


Pero non se trata só de quita lo burka, detrás hai unha chea de feridas, humillacións e dor que levará máis tempo quitar.

### ANA TORTAJADA

Esta muller, Ana Tortajada, viviu a experiencia de estar en Afganistán e escribiu o libro chamado *El Grito Silenciado* falando sobre a súa viaxe.

A escritora visitou fai un ano o país asiático, hoxe tan de actualidade, e viviu a súa realidade:

**"No hay palabras para describir el miedo que allí se respira"**



### BIBLIOGRAFÍA

- Prensa dos días 12, 13, 14... -09-2004
- Encyclopedias da Biblioteca do C.P.I. Tino Grandío
- Atlas
- Libro de 2º de ESO de Ciencias Sociales
- *El Grito Silenciado* de Ana Tortajada (páx.17)

Ángeles Puga 2ºB

TEÑEN RABO DE QUITA E PON  
E PARECEN CADELOS...  
PERO CADELOS NON SON  
PORQUE COMEN CARAMELOS,  
ENTÓN, ¿QUEN SON?



SOLUCIÓN: NENAS E NENOS DE EDUCACIÓN INFANTIL DE 3/4 ANOS (RUBÉN, JÉSICA, SONIA, DIEGO, DAVID SERÉN, DENISSE, TOMÁS, ANDREA, SOFÍA, DAVID NÚÑEZ E MARÍA)

## ¿QUE LLE DI....?

¿Que lle di a brocha á pintura?  
Sen ti a miña vida non ten cor.



¿Que lle di o leite ó azucré?  
No café atoparémonos.



¿Que lle di o ovo á tixola?  
Cada vez que te acercas posme frito.




¿Que lle di a sandía ó coitelo?  
Se me dás un corte póñome vermella.




¿Que lle di o balde ó lixo?  
O teu cheiro dáme vómitos.



¿Que lle di o papel ás tesoiras?  
Sempre que me tocas fasme anacos.



¿Que lle di o fío á agulla?  
Ti sen min non vales nada.



¿Que lle di a pasta ó cepillo?  
Os teus aloumiños non me gustan.



## BUSCA NO SACO SEIS NOMES DE ANIMAIS

Voa, voa se parar  
e se se enfada  
pódeite picar.

o o O o o

Come follas  
ata fartar  
para a seda  
poder fabricar.

o o O o o

Entre ir e volver  
o seu camiño  
acaba por facer.

o o O o o

Coas súas longas patas  
salta e salta  
ata chegar á charca.

o o O o o

Son primo da ra,  
moi gordo e pesado  
e, sempre ó chover, saio.

o o O o o

Camiño sempre despacio  
e vou deixando un fío  
por onde paso.

o o O o o



## CONCURSO ENTRE NÓS EN GALEGO



Ángel Pérez Rodríguez (E.I.)



Silvia Saavedra Martínez (1.º E.P.)



Lucas Lombardía García (1.º E.P.)



José Manuel Penín (4.º E.P.)



Eva Vázquez Vilela (5.º E.P.)

## ASI RIMAN OS DE INFANTIL DE CINCO AÑOS



Eu son Elena  
a da melena



Chámome Anxo  
e falo baixo

Eu son Ricardo  
e collín un cardo



Chámome Xesús  
e vou en autobús



Chámome Alba  
e teño unha boneca  
calva



Chámamme Aine  
e vou polo Aire

Son Lucía  
e vou á pía



Antón  
é amigo de Simón



## OS NOSOS CONTOS

### O ESQUÍO E O CAZADOR

Había un esquío que se chamaba Carolina e vivía no monte. Era o día dezasete de abril.



Un día saíu e viu un raposo. Subiuse a un piñeiro e escondeuse, pero o raposo viuna. Entón o esquío chamou a un cazador. O cazador pillouno e o esquío agradeceu. O raposo foi ó zoológico de Barcelona.

E Carolina, xa tranquila, invitou ó cazador a cear piñóns e noces.

Alba Rodríguez  
1º E.P.

### O TIGRE E O RAPOSO

Lucas tiña un can chamado Tigre. Tigre era moi amigo de Lucas.

Pero os avós de Lucas foron á feira e mercaron polos.

Un día chegou un raposo e levou un polo.



Mais Tigre percatouse e preparamroulle unha trampa: quitou os polos do galiñeiro e meteu-se el dentro.

Cando chegou o raposo, saíu Tigre do galiñeiro e meteuille unha trabada no cu e nunca máis volveu.

Lucas lombardia  
1º E.P.

## FREI MARTÍN SARMIENTO

O 20 de marzo de 1963, tres membros da RAG presentaron ós seus compañeiros de institución a proposta de que se declarase o día 17 de maio de cada ano **Día das Letras Galegas**. Deste xeito querían conmemorar o centenario da publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro. O personaxe homenaxeado este ano é Frei Martín Sarmiento.



Frei Martín Sarmiento naceu en Villafranca del Bierzo (León) en 1695. Os seus pais eran Alonso García Gosende e Clara de Balboa Sarmiento. Nese mesmo ano trasladouse toda a familia a Pontevedra, de onde era natural o seu avó Alonso García, que vivía no Pazo das Raposeiras, no concello de Ceredo.

A infancia pontevedresa de Sarmiento durou quince anos. A súa primeira escola foron os xesuítas, onde sofre diversas mofas polo seu acento galego e a forma de falar; tampouco lle gusta a obriga de estudiar de memoria, sen coñece-lo significado dos textos.

O nome auténtico de Frei Martín Sarmiento era Pedro José García Balboa, pero cambiouno ó entrar na orde benedictina, cursando artes no mosteiro de Lérez. Posiblemente aquí coñecese a Feijoo, que era pasante e lector neste mosteiro e no de Poio.

O 3 de maio de 1710 sae para o convento de San Martín de Madrid, cidade onde profesa o 24 de maio de 1711. Neste ano el xa era un consumado lector e erudito en temas non só relixiosos, senón tamén en xeografía, cronomoxía, mitoloxía, historia, ciencias... A mediados de outubro do mesmo ano pasa a estudiar artes no colexio de Hirache, onde tamén estudiou e escribiu sobre filosofía. A mediados de abril de 1714 regresa a Madrid e comeza a preocuparse pola filosofía. Inicia a copia de todos os alfabetos que atopa: grego, árabe, xermánico, hebreo, caldeo, cirílico... A principios de 1715 iniciou os seus estudos

de teoloxía no colexio de San Vicente en Salamanca. Despois matriculouse na Universidade no curso 1716-1717.


En 1720 comeza a estudiar asturiana no convento de Celorio, onde ensina teoloxía. En xuño de 1725 marcha dende Oviedo para Madrid, pasando por Galicia para despedirse da súa nai, xa maior, con setenta e cinco anos.

En 1726 sae para Toledo onde bota quince anos repasando códices do arquivo da catedral. O 28 de decembro de 1726 comeza os escritos crítico-burlescos *Martinus contra Martinum* e tamén redacta un papel satírico contra C. Montoya e Unzueta en defensa do *Theatro Crítico Universal*. En 1732 publicou a única obra editada en vida, a *Demostración Crítico-Apologética del Teatro Crítico Universal*, en defensa do seu mestre e amigo Benito J. Feijoo. Desde 1741 a 1745 redactou as *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*, enviando a Roma os cincuenta pregos co título de *Historia de la Poesía y poetas españoles*.

O ano 1745 regresa a Galicia e aumenta a súa preocupación polo estudio da etimoloxía. É o espertar do sono erudito, traballando incansablemente na recollida de materiais; tamén significa o seu encontro coa natureza. Nos seus caderniños apuntaba, non só os lugares polos que pasaba, senón tamén os froitos, peixes, cunchas, aves, animais, así como moitas voces vulgares galegas. Confesa que deseite tomou grande afección á historia natural, á botánica, á lingua galega, a inda-

gar a orixe etimolóxica de cada voz galega e a súa relación co latín.

A principios de febreiro de 1746 regresa a Madrid. Con motivo da morte de Felipe V e a subida ó trono de Fernando VI, escribe o *Coloquio de Perico y Marica*, *Coplas o Coloquio de 24 gallegos rústicos*, onde pon de manifesto o coñecemento de Galicia, da cultura galega e da súa lingua. Comeza o *Glosario* (ou *Comento*) no que repasa palabra por palabra todas as Coplas, aínda que será un traballo descontinuo, chegando á copla 70 en 1767.



En 1748 escribe un *Catálogo de libros selectos* para o marqués de Aranda, e o 13 de xaneiro de 1750 é nomeado por decreto Cronista Xeral de Indias, cargo no que cesa o 12 de agosto de 1755.

No ano 1752, a petición da orde benedictina de Samos, redacta *Archivo de Samos y archiveros*, comezando un ano máis tarde a escribir *Pensamientos Crítico-Botánicos*, que rematará en 1762.

Entre 1754 e 1755 regresa a Galicia. É a súa viaxe máis longa, que lle serve para recoller vexetais, animais, cunchas, voces populares e, sobre todo, para fortalecer os seus lazos coa natureza virxe galega. En xullo de 1755 é nomeado abade de Ripoll (Girona), cargo ó que renunciará no 1757, e regresa a Madrid. Redacta diversas obras sobre botánica: *Sobre el origen de las voces poutega, pugax o púa, de origen griego*; *Sobre tilia, árbol texa, latín tilia*; *Pregunta: si nacen en Galicia, en qué sitio y en qué cantidad, de qué calidad los vegetales Kali, Sosa y Barrilla*; *De la planta carqueixa, Sobre el árbol betula, en gallego bidueiro, en castellano abedul...*

Pero por riba de calquera outra tema, Martín Sarmiento vive a etimoloxía, primeiro desde o castelán, e despois tendo como protagonista principal a lingua galega. Desde 1745 escribe importantísimos traballos como o *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, iniciado en 1757 e retomado en 1769; *Elementos etimológicos según el método de Euclides*, iniciados en 1758 e rematados en 17666, ou o *Discurso apologético por el arte de rastrear las más oportunas etimologías de las voces vulgares*, obra escrita no ano 1770.

Outra das súas fondas preocupacións é a educación. Para frei Martín, a educación é o instrumento ineludible para facer homes e mulleres bos e felices. Os homes e as mulleres non nacen, fanse, de aí a grande importancia da educación, que pode modelar os homes e mulleres. Toda a educación, segundo el, debe ir encamiñada á conversión do individuo en autodidacta.

En 1772 morre en Madrid.

**Marcos Valín Fontao  
3º ESO**

## ANÁLISE DE XOEL

María del Carmen Fernández Castro

4º ESO

O libro que vou comentar foi proposto polo Departamento de Lingua e Literatura Galega para o segundo trimestre deste curso escolar ás alumnas e alumnos de 4º de ESO. Nas páxinas seguintes intentarei facer unha análise desta obra seguindo as pautas marcadas polo profesorado da materia.

### 1. Autora

A súa autora é Isabel - Clara Simó (Alcoi- Alacante, 1943), unha das escritoras actuais más destacadas en lingua catalana. Doutora en Filoloxía Románica, actualmente é profesora da Universidade Pompeu Fabra de Barcelona na Facultade de Traducción e Interpretación.

Ten unha extensa obra narrativa, traducida a numerosas linguas, iniciada en 1987 con *És quan miro que hi veig clar*, *T'estimo Marta* ( 1986), *Mossén* (1987), *Els ulls de Clídice* (1990), *La salvatge* (1994), *La innocent* (1995). No terreo da literatura xuvenil publicou: *El secret d'en Toni Trull* (1986), *Raquel* (1992) e *Joel* (1996).

### 2. Tema

Tema principal: a vida de Xoel. Xoel e a súa situación cambian moito dende os doce anos ata os dezaoito.

Temas secundarios:

- A dor que deixa a perda dun ser querido. Primeiro Xoel perde á súa nai e ó seu can. Nun principio non sente nada, pero logo bótaos de menos. Posteriormente mórrelle o seu pai e queda só. Tamén tivo que separarse de Marta e de Lourdes por algúns tempo.

- O tempo todo o cura: pese a quedar só, Xoel segue loitando. O tempo cura o seu mal pero Xoel non esquece.

- O importante que é ter alguén con quien falar e a quien pedir consello. Xoel atópao en Lourdes e despois en Marta, coa que se entende mellor pola idade.

Estes acontecementos marcaron a súa vida e están ligados ó tema principal.

### 3. Argumento

Xoel asiste á morte do seu can e da súa nai. El finxe estar mal para que ningúén saiba que en realidade non lle importa a morte da súa nai. Seu pai está máis tempo con el para que non a bote de menos. Posteriormente enferma durante tres anos . Nese tempo coñece a Lourdes , Marta e ó seu pai . Aprende a ler nos beiros e retoma os estudos. Seu pai deixa a Lourdes. Xoel pasa moito tempo sen vela, ata que empeora e o teñen que operar. Máis tarde xa pode rematar los estudos. Atopa traballo e sepárase de Marta. Algún tempo despois morre seu pai. El segue loitando e, finalmente, volve con Marta.

### 4. Estructura

A obra consta de tres partes:


Presentación: no primeiro capítulo fainos unha presentación do que lle pasara durante e despois da morte da súa nai e xanos introduce o que lle pasará nos seguintes anos.

Conflicto: dende o segundo ata o duodécimo capítulo narráronos o desenvol-

vemento da enfermidade e cómo reaccionou despois, cando volve á rutina que deixara hábito tres anos.

Desenlace: no último capítulo cóntanos como rematan Víctor, Lourdes, Marta e el mesmo.

O libro vén dividido en trece capítulos.



## 5. Personaxes

Xoel é o protagonista. Neste libro narranós cómo foi a súa adolescencia, dende os doce ós dezaoito anos. Nótanse nel uns cambios moi importantes. Pasa de ser un cativo que o ten todo na vida a ser un adolescente ó que lle morreron a nai e o pai, que sabe o que quere na vida e o que é loitar contra unha enfermidade

durante tres longos anos. Fisicamente era, cando estaba enfermo, de pel moi branca, alto e moi esmirrado. Ó final di que non parece enfermo, xa ten color ( está máis moreno) e algo de músculo. As súas reflexións fan pensar sobre o que fariamos nós se estivesemos no seu lugar.

As relacións que hai entre os personaxes secundarios son:

Víctor Soler: é o pai de Xoel, noivo de Lourdes e amigo de Marta.

Lourdes: é a mellor amiga de Xoel, noiva de Víctor e amiga de Marta.

Marta: é a noiva - amiga de Xoel.

As mulleres teñen o mesmo tratamento cós homes. Eles tamén fan a comida e ata limpan ( Xoel cando se decata de que morrera seu pai ) e elas tamén traballan fóra da casa( Lourdes ten unha perruería).

## 6. O tempo

### •Externo:

Os feitos acontecen no século XX, porque a sociedade é deste tempo, así como as caravanas, coches, bombonas,etc.

### •Interno:

A obra ten unha duración de seis anos aproximadamente. A temporalidade é moi ampla porque pasan moito tempo e acontecementos entre o primeiro e o último capítulos.

Segue unha orde lineal do presente ó futuro; sen embargo, hai algunas prolepses, xa que nos resume o que vai a pasar antes de que acon-teza. Un exemplo : "estiven enfermo os tres anos seguintes ". Dámos este dato antes de contar que estaba enfermo e de que pasaran os tres anos. Deste xeito nós xa sabemos canto tempo vai estar enfermo sen ter que ler o que segue.

### 7. O ritmo narrativo

Neste libro cóntanse moitos acontecementos e o ritmo é, case sempre, lento con frases longas, áinda que con moitos signos de puntuación. Isto débese a que hai moita descripción e o período de tempo é longo.

### 8. O espacio (Capítulo 3)

O espacio deste capítulo é a habitación de Xoel, un 2 dun edificio de Barcelona. É un espacio cerrado. Neste capítulo tamén aparece unha escena no cuarto de baño. O dormitorio é un espacio moi importante: nel Xoel pasa 3 anos da súa adolescencia; nel coñece á súa noiva, a Lourdes (a súa 2ª nai) e descobre cómo é verdadeiramente o seu pai. Tamén se descobre a si mesmo. Nel aprende o que é sufrir, namorarse, aburrirse e que é a amizade. Ademais descobre a lectura, as súas afeccións e a importancia de estudiar.

### 9. Forma narrativa

Neste capítulo predomina a descripción. Esta é lenta e detallada e describe accións dinámicas. Xoel é o narrador, en 1ª persoa, protagonista. Case todo o capítulo é un monólogo interior no que Xoel reflexiona sobre o que lle acontece e sobre a súa persoa. Tamén hai algúns diálogos en estilo directo entre Xoel e Antón (o xordomudo que lle presentou seu pai) e entre Xoel e seu pai.

### 10. Estilo

O léxico é rico, pero aparecen algunas palabras modernas como: *pillaba*, *ghi-cho*, *mola*... Tamén hai palabras vulgares e cun significado novo como: *carallo*, *abriría-me* (iríame), *tío* (rapaz), *é unha merda*...

O emprego destas palabras reflicte o modo de falar da xente nova. O estilo é

popular, sinxelo e descoidado. O rexistro é familiar. Este estilo fai máis críble o que nos está a contar o personaxe central.

### 11. Crítica final

Goustoume moito o realismo que ten a obra. Eu tamén contei algunha vez os segundos canda o reloxo. Ademais, moitas veces intentamos distraernos con algo, como lle acontece a Xoel ó principio, pero sempre nos terminamos cansando e aburrindo, cando xa nos resulta monótono, ata que atopamos o que realmente nos gusta (ler nos beizos, debuxar...).

O personaxe de Xoel está moi ben caracterizado. Nun principio parece un cretino que só lle importa "quedan ben" cos demás ( finxir que sente tristeza cando morre seu pai). Logo xa comeza a fixarse más no que el sente interiormente e nas persoas polas súas calidades psíquicas.

Non me imaxinaba que a historia fora rematar así. Eu pensei que Lourdes volvería con Víctor, sen embargo el morre. E tamén me impresionou a reacción de Xoel ó rexeita-la axuda de Lourdes e independizarse, asumindo moitas responsabilidades que descoñecía.


## Ó MEU FILLO E Á MIÑA FILLA

(En contestación á carta que nos esribiches na última revista, pola que che estamos moi agradecidos, e igualmente desexamos que ti o esteas por esta nosa resposta).

- Todos vivimos na casa. É, pois, importante que todos colaboremos para convertela nun lugar agradable. **Colabora** nas tarefas para poder compartir mais tempo xuntos e en familia.
- Se o noso parecer non coincide co teu, dialoguemos. **Non te peches na túa habitación.** Podemos entendernos razoando.
- **Respecta** as nosas opinións e decisións. Intentamos educarte o mellor que sabemos e desexamos ensinarche a face-las cousas ben.
- **Cóntanos** que fas, que pensas. Di sempre a **verdade**, agrádanos e interésanos.
- Desexamos que sexas **agradecido/a**: unhas gracias, unhas desculpas, un xesto, un sorriso...
- Procura ser **ordenado/a** na túa vida. Calquera traballo comporta orde e organización.
- Intenta face-lo que debes sen esperar a que cho ordenen. **Ten iniciativa.**
- Non recorras a nós só cando nos necesitas, pensa que **estamos sempre ó teu carón.**
- Non penses que non che damos liberdade suficiente, queremos que teñas a túa **propia personalidade** e a túa **propia responsabilidade** na vida.
- Se tes un problema, cóntallo ó teu mellor amigo/a; é o primeiro paso para resolvelo. ¡Gustaríanos tanto ser os teus mellores amigos/as!
- Os pais poden se-los teus mellores amigos, **pero non os teus fieis servidores.**
- Non es o único no mundo. **Todos temos desexos e sentimientos.** Pénsao e sen consecuente.
- **Confiar** en alguén non significa acepta-la súa opinión a cegas. A confianza demóstrase tamén discrepando razoablemente.
- **Educar** non é fácil. Hai que tomar decisións. Somos responsables de ti e **non podemos eludir esa responsabilidade.**

Cariñosamente, os teus pais.

**EDUCAR EN VALORES**



Buscamos **NORMAS, PRINCIPIOS, VALORES E ACTITUDES** que guíen a nosa conducta e nos permitan saber decidir axeitadamente cando facer ou deixar de facer unha cousa determinada.



As nosas felicitacións para os alumnos/as de 1ºA e 1ºB de E.S.O. por se-los gañadores da 1ª fase do "**PREMIO MAS**", e igualmente a tódolos demais compañeiros/as que sabemos que seguen na procura de que o seu "grupo" sexa o máis motivado - modélico - aplicado - amable - sociable e solidario.

**¡Merece a pena!**



ENTRADA LFP

## COMO ESTUDIAR CON ÉXITO



### ORGANIZA O TEU ESTUDIO

- Procura ter un horario de traballo diario.
- Estudia diariamente de 1 a 2 horas, como mínimo (se estás en cursos avanzados).
- Deberías segui-la orde seguinte: materias de dificultade media (breve descanso)-materias difíciles (descanso) -materias fáciles.
- Empeza a estudiar tódolos días á mesma hora, sempre que sexa posible.
- Dedica un tempo semanal a repasa-lo aprendido.
- Aproveita o máximo posible as clases (céntrate, toma nota das explicacións, pregunta o que dubides).
- Sigue un método de estudio e benefíciate das técnicas que más che axuden (subliñado, esquemas, resumes, fichas, etc.)

### CONDICIÓNNS PERSOAIS E AMBIENTAIS

- Procura unha alimentación variada, pero cea cedo, lixeiro, e almorza sempre.
- Déitante a unha hora máis ou menos fixa.
- Suprime excitantes coma o alcohol ou café.
- Durme entre 8 e 9 horas.
- Procura un lugar cómodo para estudiar, sempre o mesmo, tranquilo, sen ruídos.
- Debes estar relaxado/a, sen preocupacións.
- Antes de empezar prepara as túas ferramentas de traballo: libros, cadernos, bolígrafo...
- Practica algún deporte.



## BREVE SESIÓN DE HISTORIA SOBRE OS NÚMEROS

Verónica Corredoira Rodríguez


Eva Díaz López

M<sup>a</sup> del Carmen Fernández Castro


Os babilónicos ( 3000 a. C) usaban os números 12, 60 e 360 porque tiñan moitos divisores, e elaboraron listas de números primos. Pitágoras dicía que todo é número, e por iso estudiou e clasificou os números:



Triangulares



Cadrados



Pentagonais

Euclides estudiou a divisibilidade nos libros VII, VIII e IX da súa obra *Elementos*. Erastóstenes idea un método para obter números primos. Fermat (S. XVII) estableceu numerosas conxetas (enunciados non demostrados relacionados coa divisibilidade).

Euler (S.XVIII) deu resposta a algunas conxetas propostas por Fermat. Gauss foi un dos primeiros en estende-lo concepto de divisibilidade a outros conjuntos.

Hoxe en día a principal aplicación dos números primos é a codificación da información. Nun supermercado utilizan os códigos para cobrar.

## XOGOS MATEMÁTICOS

¿Quen di a verdade?

O xuíz escoitou con curiosidade a catro timadores coñecidos.

- Están vostedes mentindo - dixo.

O policía botouse a rir e engadiu:

- Dá a casualidade de que sei que un deles di a verdade.

O xuíz preguntou bruscamente:

- Moi ben, ¿que teñen que decir na súa defensa?

- Un de nós mente. - Dixo Alberte.

- Non, asegúrullo. Dous de nós menten - afirmou Benito.

- Fágame caso a mi - Interviu Xosé - tres de nós menten.


- Non, non é certo - díolle Darío - Os catro dicimos a verdade.

¿Cal deles di a verdade?

(Hai que aclarar que o policía dicía a verdade)


### Sen levanta-lo lapis

Aquí tes un cadro con nove puntos; toma un lapis e trata de unilos, sen leventa-lo lapis, mediante só catro trazos rectos.



### Busca as secantes


Na figura tes representadas 5 secantes nunha circunferencia que deron lugar a "10 cachos"; pero é posible atopar 5 secantes que dan lugar a "16 cachos" ¿Podes atopalas?.



### Sen toca-lo bombón

Coloca catro escarvadentes formando un "vaso" e pon un bombóm "dentro", como indica a figura. O xogo consiste en saca-lo bombóm do vaso, movendo só dous escarvadentes e sen toca-lo bombón, e de modo que o vaso siga quedando enteiro.

¿Poderías facelo ti?




## UNHA PRÁCTICA DE TECNOLOXÍA

Alumnos/as de Tecnoloxía  
4º ESO

A continuación imos relatar o funcionamento e a metodoloxía seguida polos alumnos de 4º da ESO na elaboración dunha das prácticas de tecnoloxía; a práctica é un oscilador aestable.

**Esquema** como exemplo dun producto electrónico:



### Funcionamento

Se observamos o circuíto eléctrico, veremos que os dous transistores son os mesmos, e que están conectados da mesma forma e con compoñentes iguais. Dado que o circuíto é perfectamente simétrico, sería lóxico que ó conectarlo á corrente eléctrica os dous grupos de luces ( díodos led ) alumaran á vez. En cambio, o que pasa é que se acenden e se apagan alternativamente nun intervalo de tempo. Os cir-

cuítos son simétricos, un formado por Tr1 (transistor 1) e o outro formado por Tr2 (transistor 2).

Debido a que é imposible facer dous transistores idénticos no proceso de fabricación, esto fará que un transistor comece a conducir antes que o outro. Supoñendo que o transistor que comeza a conducir é Tr1, este transmitiralle a través do condensador C1 un potencial pouco positivo á

base do transistor Tr2, polo que este transistor se poñerá en corte, estando agora nun semiperíodo no cal Tr1 conduce e Tr2 non conduce.


Ó conducir o transistor Tr1, produce-se unha corrente eléctrica por R1 e polos díodos led D1 e D2, polo que D1 e D2 alumarán, mentres que os díodos led D3 e D4 non alumán ó non pasar corrente eléctrica por eles. Os transistores continúan no estado descrito anteriormente, mentres o condensador C1 se vai cargando a través do resistor R2, e chegará un momento no cal C1 lle transmitirá á base de Tr2 un potencial positivo que fará conducir a Tr2, transmitíndolle un potencial pouco positivo á base de Tr1, polo cal Tr1 deixará de conducir. Circulando, entón, unha intensidade por Tr2, o resistor R4 e polos díodos led D3 e D4, provocará que D3 e D4 alumarán; Ó non conducir Tr1, D1 e D2 non alumarán, isto será así ata que o condensador C2 se cargue a través do resistor R3 a un potencial positivo o suficiente grande para que conduza Tr1 e se volva a repetir o proceso. Así conséguese que os díodos led D1 e D2, por unha parte, e D3 e D4 por outra alumén alternativamente.

### Procedementos seguidos para realizar a práctica.

Escolleuse facer a montaxe nunha placa de circuíto impreso, para así reducir o mínimo a utilización de cables, diminuíndo deste xeito a posibilidade de fallos, e diminuíndo o tamaño da montaxe.

O primeiro que se fixo, foi deseñar nun papel a placa de circuíto impreso. Unha vez feito o deseño a sucio, pasouse este a limpo e a tamaño real.

A continuación cortouse a placa necesaria e perforáronse os buratos onde irán situados os compoñentes. Despois debuxáronse as pistas na placa, que é unha placa de cobre por unha cara e de baquelita pola outra, debuxando as pistas pola cara de cobre; unha vez feito isto, meteuse a placa en ácido clorhídrico, que corroeu o cobre que non estaba recuberto de rotulador. Unha vez fóra do ácido limpouse, primeiro con auga e despois con alcohol os restos de tinta que había na placa. Cando a placa estivo lista para empezar a soldar, colocáronse os compoñentes pola cara de baquelita.



Unha vez comprobado o esquema, comezáronse a soldar os compoñentes á placa de circuíto impreso. Cando se rematou de soldar, comprobouse o correcto funcionamento da placa cunha fonte de alimentación de nove voltios.

A continuación construíuse unha caixa con táblex que serviu de soporte e protector da placa. Por último colocouse o circuíto na caixa de táblex.

## ¿APETÉCHE TOMAR UNHA TÓNICA CON XENEبرا, QUERIDA?

Un gramo de atropina custa menos de dez euros e con iso é suficiente para envenenar unha esposa e deixar unha falsa pista de tónicas adulteradas nos estantes do supermercado próximo. Isto pensou o profesor de Química Paul Agutter, de Edimburgo (Escocia). Case lle saíu ben o plan cando quixo matar á súa dona Alexandria en agosto de 1994. Unha asombrosa coincidencia arruinou a súa tortuosa idea e a muller salvou a súa vida. Agutter foi arrestado e levado a xuizo, onde se lle atopou culpable de intento de asasinato e caéronlle doce anos de cárcere.

A asombrosa coincidencia foi que unha das primeiras botellas de tónica envenenadas por Agutter foi parar á casa do doutor Geoffrey Sharwood-Swith, un anestesista familiarizado cos síntomas de envenenamento por atropina. A súa esposa e o seu fillo enfermaran despois de beber unha tónica con xenebra, bebida coñecida popularmente como *\*gintonic*. Nuns poucos días, cinco persoas do lugar tiveron que seren internados con síntomas de envenenamento por atropina, entre eles a señora Agutter, verdadeiro obxectivo do envenenamento. A análise da súa tónica con xenebra demostrou que tiña máis atropina que as tónicas das botellas do supermercado, o que descubriu as intencións asasinias do seu marido. O seu plan era mata-la, herdar a parte que a ela lle correspondía pola fortuna da súa familia e casar coa súa amante. Agutter proxectara ben o seu plan; elixir a atropina era intelixente. En efecto, o corpo metaboliza este veneno e só deixa unhas trazas insignificantes no momento en que se produce a morte.

Pero, ¿que é atropina? Trátase dunha substancia que se obtén das follas dunha planta coñecida como beladona, con flores de cor violeta e bagas negras, e moi común nos países cálidos e temperados. O seu nome ten que ver cun costume moi empregado polas damas romanas do século XVI, xa que utilizaban o zumo dos seus froitos para dar, artificialmente, brillo ós seus ollos. As mulleres espremían o zumo dunha baga sobre os ollos e a atropi-

na facía que a pupila se dilatase, o que lles daba un aspecto como de gacela, moi de moda entón. As actrices seguiron usándoa por esa mesma razón, incluso nestes últimos séculos, o mesmo que os oftalmólogos cando querían examinar o interior dos ollos dun paciente.



Beladona

A atropina é un po branco, cristalino e inodoro que se funde a cento catorce graos. Foi illada por primeira vez en 1833 por dous químicos alemanes. Como substancia química pura non é moi soluble na auga, aínda que os médicos que a administran clinicamente escollen derivados como o sulfato de atropina, que si o é.

No corpo, a atropina bloquea a producción da molécula mensaxeira coñecida como acetilcolina. O primeiro efecto é que seca os fluídos orgánicos, a saliva, as bágoas, as mucosidades, a flegma, a suor e a urina, e por iso se administra antes dunha operación. En varias ocasións prescribiuse atropina como tratamento das doenças que producen fluídos orgánicos en exceso, como a febre do feo, arrefriados e diarrea. Nun tempo ata se receitou como cura da incontinencia nocturna.

Ángel Orosa Rodríguez  
Alba Rodríguez Vázquez  
Mª José Valín Álvarez  
4º ESO- Física

## REBUSCANDO REMEDIOS CASEIROS

- Para durmir ben, auga de cocer leitugas.

- Para os nervios, tila.



Tila

- A malvela serve para as dores de matriz.


- Para o catarro é bo o romeo.

- Para desatasca-lo nariz é bo o vapor de eucalipto.

- A cenoria é boa para a vista.

- Para a dor de barriga é boa a macela.

- A folla de chantaxe, para os furúnculos.



Eucalipto

- O fiollo cría uns grans de anisetes bos para os gases.

- O ourego emprégase para a tose.

- Para mazaduras, fer- ver árnica e lavar con esa auga.




Macela

- A valeriana tódolos males sanda.

- O dente de león é bo para os riles.

- A cebola serve para baixa-la tensión.

- As follas de figueira serven para diminuí-lo colesterol.



Valeriana

## XEROGLÍFICO




D



¿De que herba medicinal me estás a falar?

**PATROCINA:**



**CONCELLO DE  
GUNTIN DE PALLARES**